



Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

## ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO III CERTAME DE CARTEIS “BRAIS ALONSO ÁLVAREZ” CELEBRADA O 14 DE MARZO DE 2016.

Tras a aprobación da bases da III edición do Certame de Carteis “Brais Alonso Álvarez” por Resolución da Alcaldía nº 11/16 de 14.01.16, cuxo obxectivo é deseñar o cartel para a XXI Festa da Lamprea Seca, que se celebrará o domingo 14 de agosto de 2016.

Reunidos ás 11.50 h. os membros do xurado que a seguido se relacionan, coa asistencia da Sra. Secretaria do Concello Dª Patricia Hernández Estévez que da fe do acto:

- Jesús Alonso Rodríguez, en representación do ámbito da hostalería.
- Agueda Estévez Rodríguez, en representación das asociacións.
- Teodoro de Francisco Antes, Arquitecto.

Non asiste María Saladina Alonso Fernández, e está presente o Sr. Concelleiro de Cultura, D. Raúl Rodríguez Álvarez, con voz pero sen voto.

Tendo en conta que nas bases se establecen dous premios:

- 1º Premio: 200,00 euros.
- 2º Premio: 100,00 euros.

Unha vez rematado o prazo para a entrega das propostas, preséntanse dous sobres pechados con propostas de cartel:

- Sobre presentado o 07.03.16: R.E. núm.251
- Sobre presentado o 10.03.16: R.E. núm. 275

Tras o seu exame por parte dos membros do xurado, e tras establecer o resultado da súa valoración procédese a apertura dos sobres pechados nos que figuran os nomes e identificación dos autores dos mesmos, sendo o resultado o seguinte e pola orde que se reflicte:

1º Posto: Juan Ignacio Montenegro Ruiz, con DNI núm. 36.008.855-D, e domicilio en Avda, das Camelias, 86-6ºC, 36211, Vigo, correspondéndolle o 1º Premio fixado nas bases.

2º Posto: Uxía Meijueiro Alonso, con DNI núm. 53.820.022-E, e domicilio en rúa Zaragoza nº 11-2º H, 36203, Vigo, correspondéndolle o 2º premio fixado nas bases.

De acordo coas bases, os premios faranse públicos nos medios de comunicación e nas redes sociais, indicando, cando menos, o nome e apelidos dos/as gañadores/as e o seu lugar de orixe; e as obras presentadas e premiadas ficarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte dos convocantes, sen que elo dea dereito a retribución algunha para os concursantes.

Non sendo outro o obxecto desta reunión, levántase a presente en Arbo a 14.03.16, ás 11.15 h., sendo asinada polos asistentes en mostra da súa conformidade.

Teodoro de Francisco Antes, Arquitecto

Pola hostalería, Jesús Alonso Rdez.

Polas asociacións, Agueda Estévez Rdez.

Da fe, A Secretaria,